

O VI San Fiz de bolos celtas reunirá aos mellores xogadores do Val Miñor e Baixo Miño.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 23 Xullo 2015 23:18



A Sociedade Deportiva Bolos do Ceán organiza este fin de semana co patrocinio do Concello de Nigrán o 'VI Torno San Fiz Bolos Celta', que terá lugar no xogo de bolos do Ceán (Nigrán). O campionato, no que participan cerca de un cento de xogadores dunha quincena de equipos federados do Val Miñor e Baixo Miño, arranca o sábado ás 15.30 horas coa primeira fase, que está previsto que se dilate ata a media noite. Ao día seguinte, domingo 26, disputarase a fase final dende as 09.00 horas ata as 13.30 horas.